



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com

¿Quen é a Federación ?

A Federación Galega de Caza é o **organismo que representa e defende os intereses dos cazadores e das sociedades** ou asociacións de caza ante as diferentes Administracións e Organismos Públicos e Privados. A Federación Galega de Caza conforma tódolos cazadores e sociedades de Caza de Galicia.

¿Que teño que facer para federarme e cal é o carné que me acredita como tal?

Debemos diferenciar un cazador federado a nivel individual dunha sociedade ou asociación de caza, porque os trámites son diferentes en cada caso. O cazador (individual) para federarse debe dirixirse a calquera sociedade de caza federada –existen na práctica totalidade dos municipios de Galicia- ou á Federación de Caza en calquera das súas oficinas. Basta con aporta-los datos persoais para obter-la licenza federativa, que é o carné que acredita a condición de cazador federado.

A **Licenza Federativa** ó mesmo tempo é un seguro de danos propios que cubre ao seu titular en accidentes que poida sufrir na práctica da Caza ou actividades deportivas, coas correspondentes indemnizacións e prestacións. Actualmente, ademais da Licenza Federativa, existen outras variantes de Seguros denominados “Documentos Únicos” que levan incluído ademais da propia licenza federativa un Seguro de danos a terceiros (Seguro de Responsabilidade Civil Obrigatorio do cazador e seguro Voluntario e complementario), e mesmo de Responsabilidade Civil dos cans.



No caso das Sociedades ou asociacións, deben dirixirse en primeira instancia á Federación Provincial que corresponda pola súa ubicación xeográfica. Nas súas oficinas facilitaráselle todo tipo de información e a documentación necesaria para afiliarse á Federación e inscribirse ao mesmo tempo no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia (modelo de estatutos, impreso de instancias, etc.). O primeiro ano –o ano que causan alta- non teñen que abonar ningunha cota, e nos anos sucesivos deberán satisfacer unha cota anual de 90,00 €uros por sociedade e 0,15 € por socio.

As Sociedades ou asociacións de Cazadores federadas **reciben da Federación unha axuda** por cada Licenza Federativa ou Documento Único que tramiten.

¿Qué fai a Federación por min?

- As Sociedades ou asociacións de Caza e os propios cazadores teñen á súa disposición unha **ASESORÍA XURÍDICA**, a cargo dunha avogada experta en problemas cinexéticos, que os asesora gratuitamente.
- Servizo de tramitación de **LICENCIAS DE CAZA** a través do que se xestionan as Licencias de Caza para calquera Comunidade Autónoma do estado, sen ter que pagar ningunha sobretaxa.
- Tódalas provincias contan cunha Autorización Especial de Telecomunicacións, ofertando así aos seus afiliados un **SERVICIO DE LICENZAS DE USO DE EMISORAS**, con varios canais de comunicación.



- A **ESCOLA DE CAZA** realiza periodicamente cursos para a formación de cazadores, directivos de sociedades ou asociacións, e profesionais relacionados coa Caza (Responsables de Tecor, Responsables de Cacería, Lexislación de Caza, Tiradores Expertos, Guías de Axexo, Gardas de Campo de Caza para Tecor, Xornadas de Caza e Comunicación, Prevención de accidentes, etc.). A Escola de Caza é itinerante e tamén realiza anualmente Cursos de formación e reciclaxe de xuíces e árbitros das diferentes disciplinas deportivas, así como Cursos de iniciación ás diferentes modalidades deportivas.
- Representantes da Federación Galega e Provinciais forman parte dos **COMITES PROVINCIAIS E GALEGO DE CAZA**, defendendo a postura e dereitos de tódolos cazadores, tanto na elaboración das Ordes de Vedas anuais como na resolución de problemas que de cotío se presentan no eido cinexético.
- Desde a Federación tramítanse **SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL PARA OS TECORES**, buscando a mellor solución e oferta para cada caso concreto, contando cunha Entidade Aseguradora de gran solvencia, adicada unicamente ós Seguros de Caza, (Mutuasport), así como con concertos con outras compañías privadas.
- Infórmase puntualmente ás sociedades da publicación das diferentes ordes de **AXUDAS E SUBVENCIONS**, tanto da Xunta de Galicia como dos Organismos Provinciais, asesorándoas na tramitación das mesmas.
- As sociedades ou asociacións de caza federadas reciben –tódolos meses- de xeito totalmente gratuito a **REVISTA FEDERCAZA**.
- Mensualmente tódalas Sociedades de Caza reciben, de xeito totalmente gratuito, a revista **GALICIA CINEXÉTICA** administrada pola Federación Galega de Caza. Nesta revista poden participar os propios cazadores remitindo artigos, fotografías, consultas, ofertas cinexéticas, etc.
- A FGC conta con **OFICINAS FEDERATIVAS EN TÓDALAS PROVINCIAS**, ademais da súa sede central en Santiago de Compostela, conectadas a través dunha rede virtual que permite a transmisión de información en tempo real entre as distintas oficinas, todas elas atendidas por persoal altamente cualificado, posibilitando aos cazadores e asociacións realizar calquera trámite ou xestión en calquera das provincias galegas, sen necesidade de acudir á Federación de residencia.
- A Federación dispón da **PÁXINA WEB** www.federaciongalegadecaza.com, actualizada permanentemente por persoal informático da propia Federación, onde os cibernautas atoparán ampla información e documentación relacionada con tódolos aspectos cinexéticos e deportivos. Desde ela os cazadores poderán realizar trámites online, remitir consultas ás que se responde desde a propia web, e mesmo participar na sección *a túa opinión conta*.
- Como alternativa á caza tradicional, existen as **COMPETICIONS DEPORTIVO-CINEXÉTICAS** –competencia exclusiva da Federación- nas que poden participar os deportistas federados, nas diferentes fases (Campeonatos Provinciais, Galegos, Semifinais, Campeonatos de España e Internacionais) e modalidades (Paxariles, Percorridos de Caza, Compak Sporting, San Huberto, Cans de Parada-Caza Práctica, Cans de Rastro sobre coello, Rastro de Xabariil, Caza Menor con Can, Arceas, Raposo, Percorridos de Caza con Arco, Caza con Arco ó Voo e Cetraría nas modalidades de Baixo Voo e Sky Trial). Aqueles deportistas que se clasifiquen nos diferentes campionatos provinciais representarán á súa provincia no Campionato Galego, e a selección provincial contará coa inscrición gratuita. Os concursantes que se clasifiquen nos diferentes Campionatos Galegos acudirán ás Semifinais e Campionatos de España subvencionados pola Federación Galega, e no caso de clasificarse para formar parte da Selección Española participarán nos Campionatos Internacionais (Campeonatos de Europa e/ou Campionatos do Mundo) tamén subvencionados.



- Os representantes das sociedades ou asociacións, os cazadores federados, e os xuíces e árbitros, tal e como establecen os vixentes Estatutos federativos, teñen **DEREITO A ELIXIR OU SEREN ELIXIDOS PARA OS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN DA FEDERACIÓN**. Dentro do organigrama federativo (Asemblea Xeral, Comisión Delegada, Presidente, Xunta Directiva, Comisión Executiva, Secretario Xeral, Tesoureiro) existen diversos órganos técnicos e asesores (Comité de Disciplina Deportiva, Comité de Xuíces e Árbitros, etc) entre os que merece especial mención o Comité de Conciliación e Mediación, que ten por obxecto mediar ante conflitos, intentando un achegamento das partes, antes de instruír expedientes disciplinarios.
- A **CAMPAÑA COMPARTIR CAZA**, pon a disposición dos cazadores a posibilidade de exercer-la caza en diferentes tecores de Galicia a través de tarxetas diarias ou de tempada, para cazadores non socios. Con elo foméntase a mobilidade de cazadores das zoas urbanas, mesmo de fóra de Galicia, ao rural coa correspondente contribución á xeración de recursos, contribuindo ao mesmo tempo ao desenvolvemento das zoas rurais e ao turismo rural. Para elo, elaborouse unha base de datos na que se recolleron tódalas sociedades de caza que se suman a este proxecto, e que os cazadores, de xeito virtual –a través da páxina web da federación-, poden consultar e busca-la posibilidade que máis se lle achegue.
- A Campaña **CAZA SEGURO PARA CAZAR BEN** impulsada desde a Federación e coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente pretende a concienciación dos cazadores sobre as necesarias medidas de seguridade na caza. Esta iniciativa reparte chalecos de seguridade “reflectantes” aos cazadores a través das súas respectivas sociedades de caza; así como tabilllas sinalizadoras de advertencia “atención cacería”.
- Os **ENCONTROS POLA CAZA** foi tamén outro dos últimos proxectos levados a cabo, con carácter itinerante por toda Galicia. Os *encuentros pola caza* ten por obxectivo servir de foro de debate e lugar de encontro onde se aborden os temas máis importantes e de maior preocupación para o presente e futuro do deporte cinexético galego. As súas conclusións, consensuadas e compartidas por todo o colectivo, marcarán as pautas a seguir nas futuras actuacións da Federación.
- O **OBSERVATORIO DA CAZA** ten por finalidade o estudo en xeral de distintos aspectos da caza, e nel participan técnicos e científicos que estudan e avalían os diferentes aspectos sanitarios e socioeconómicos. O observatorio sanitario está a realizar análises da triquinose nas diferentes especies, así como recollida de animais mortos ou enfermos para coñecer-la súa causa.
- O observatorio socioeconómico, está a, acaba de publicar o **I ESTUDIO SOCIOECONÓMICO SOBRE A CAZA E O PERFIL DO CAZADOR EN GALICIA**, primeiro destas características en toda España.
- Elaborouse un **PLAN DE RECUPERACIÓN DA CAZA MENOR** promovido pola Federación Galega de Caza, coa participación de técnicos, investigadores, e federativos, de onde saíron as Bases dun Plan para a Recuperación das poboacións de coello de monte e perdiz rubia de Galicia. O proxecto concluíuse coa edición dun cadernillo e dun DVD explicativo, que pretende servir como ferramenta de axuda para as sociedades de caza.
- A FGC ten firmado diversos **CONVENIOS DE COLABORACIÓN** con diversas empresas para que oferten os seus servizos a custe reducido aos federados, como cos Centros Auditivos GAES.
- A páxina web da Federación conta cunha **BIBLIOTECA VIRTUAL** onde tódolos cazadores, técnicos, xestores cinexéticos, etc con inquietanzas técnico-científicas poderán consultar todo tipo de material sobre diversas especies de caza e outros temas cinexéticos.





La Mutua de los Cazadores

• Licencia Federativa

Seguro de daños propios

CAPITAL ASEGURADO
18.030,36 €

DAÑOS PROPIOS
18.030,36 €

GARANTÍA ADICIONAL POR MUERTE
12.024,24€



• Documento único

Seguro de daños propios +
Seguro RC obligatorio +
Seguro RC voluntarios

CAPITAL ASEGURADO
hasta 342.576,91 €

DAÑOS PROPIOS
30.050,61 €

GARANTÍA ADICIONAL POR MUERTE
12.020,24 €

SEGURO OBLIGATORIO
90.151,82 €

SEGURO VOLUNTARIO
hasta 210.354,24 €

DEFENSA JURÍDICA
incluida en los D.U. tipo "Q" y "S"

SIN ARMAS DE FUEGO
con el D.U. tipo "R"



• Seguro para perros

Seguro complementario de RC
para perros durante todo el año

CAPITAL ASEGURADO
hasta 30.000€ por perro

LÍMITE MÁXIMO
120.000€ siniestro/año

Seguro complementario unido
al documento único del cazador

Se excluyen razas peligrosas



Federación Galega de Caza

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tlf: **981 562 777** / Fax: **981 562 779**

federacion@federaciongalegadecaza.com

Federación Galega de Caza en A Coruña

Vila de Caión, 27 Baixo 2A
15100 Carballo
A CORUÑA

Tlf: **981 702 957** / Fax: **981 755 074**

coruna@federaciongalegadecaza.com

Federación Galega de Caza en Lugo

San Roque, 55 Entrechán esquerda
27002 Lugo
LUGO

Tlf: **982 254 996** / Fax: **982 250 042**

lugo@federaciongalegadecaza.com

Federación Galega de Caza en Ourense

Noriega Varela, 12 Baixo
32004 Ourense
OURENSE

Tlf: **988 221 620** / Fax: **988 221 620**

ourense@federaciongalegadecaza.com

Federación Galega de Caza en Pontevedra

Lepanto, 1 1ºJ
36001 Pontevedra
PONTEVEDRA

Tlf: **986 852 300** / Fax: **986 868 492**

pontevedra@federaciongalegadecaza.com

Cazador, *¡FEDÉRATE!*

Ninguén da MÁIS
por MENOS



Federación Galega
de Caza



Coñece todas as
vantaxes de ser un
CAZADOR FEDERADO